

Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana

Artigo 1. Normativa aplicable.

O imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana rexerá neste municipio, de acordo co disposto nos artigos 15.1 e 59.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de facendas locais:

- a) Polas normas reguladoras do mesmo, contidas no citado Real decreto legislativo 2/2004; e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenrolen dita lei.
- b) Pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2. Base imponible.

1. A base imponible deste imposto está constituída polo incremento de valor dos terreos, posto de manifesto no momento de devengo experimentado ó longo dun período máximo de vinte anos.

2. Cando se modifiquen os valores catastrais como consecuencia dun procedemento de valoración colectiva de carácter xeral, tomarase, como valor do terreo, ou da parte deste que corresponda, o importe que resulte de aplicar ós novos valores catastrais as reducións seguintes:

- a) Primeiro ano: 60 por cento
- b) Segundo ano: 50 por cento
- c) Terceiro ano: 40 por cento
- d) Cuarto ano: 40 por cento
- e) Quinto ano: 40 por cento

A redución prevista neste apartado non será de aplicación ós supostos nos que os valores catastrais resultantes do procedemento de valoración colectiva de carácter xeral sexan inferiores ós ata entón vixentes.

O valor catastral reducido en ningún caso poderá ser inferior ó valor catastral do terreo antes do procedemento de valoración colectiva.

3. Sobre o valor do terreo no momento do devengo, derivado do disposto nos apartados 1 e 2 deste artigo, aplicarase a porcentaxe anual de acordo co seguinte cadro:

- a) Período dun ata cinco anos: 2,6 por cento
- b) Período de ata dez anos: 2,4 por cento
- c) Período de ata quince anos: 2,5 por cento
- d) Período de ata vinte anos: 2,6 por cento

Artigo 3. Tipo de gravame e cota.

1. Os tipos de gravame do imposto son os seguintes:

- a) Período de un ata cinco anos: 25 por cento
- b) Período de ata dez anos: 25 por cento
- c) Período de ata quince anos: 25 por cento
- d) Período de ata vinte anos: 25 por cento

2. A cota íntegra do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame que corresponda dos fixados no apartado anterior.

3. A cota líquida do imposto será o resultado de aplicar sobre a cota íntegra, no seu caso, a bonificación que se estableza.

Artigo 4. Xestión.

O suxeito pasivo está obrigado a presentar ante o Concello ou ante a Deputación Provincial de A Coruña a declaración tributaria contendo os elementos da relación tributaria imprescindibles para a práctica pola Administración da liquidación do imposto.

Dita declaración deberá ser presentada nos seguintes prazos, a contar dende a data na que se produza o devengo do imposto:

- a) Cando se trate de actos inter vivos, o prazo será de trinta días hábiles.
- b) Cando se trate de actos mortis causa, o prazo será de seis meses, prorrogables ata un ano a solicitude do suxeito pasivo.

Á declaración acompañarase o documento no que consten os actos ou contratos que orixinan a imposición.

As liquidacións feitas pola Administración serán notificadas ós interesados íntegramente, achegando a indicación do prazo e lugar do ingreso, medios e os recursos que procedan.

Está obrigada, tamén, a comunicar á Administración a realización do feito imponible, nos mesmos prazos que o suxeito pasivo, o donante e a persoa que constitúa ou transmita o dereito real correspondente, no caso de trasmisións de terreos ou constitucións ou transmisións de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título lucrativo inter vivos, e a persoa a quen se trasmita un terreo ou se constitúa ou transmita un dereito real de goce limitativo do dominio mediante un negocio xurídico oneroso.

Artigo 5. Revisión.

Os actos de xestión, liquidación, recaudación e inspección do imposto serán revisables conforme ó procedemento aplicable á entidade que os dicte. En particular, cando ditos actos sexan dictados por unha entidade local, os mesmos revisaranse conforme ó preceptuado no artigo 14 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de facendas locais.